BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

BASES DA CONVOCATORIA

XII PREMIOS BIOGA

O Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia (BIOGA), coa colaboración da Axencia Galega de Innovación (GAIN), convoca a XII edición dos Premios BIOGA, co obxectivo de poñer en valor as iniciativas de maior relevancia do ecosistema biotecnolóxico galego nos ámbitos da innovación, o emprendemento e a transferencia de coñecemento.

A convocatoria publicarase en outubro de 2026 na páxina web oficial dos premios (XII Edición Premios Bioga | Premios Bioga) e difundirase a través das canles habituais de comunicación de BIOGA, onde se detallarán os requisitos e as condicións para optar ás distintas categorías.

Artigo 1. Obxectivos

As presentes bases regulan as condicións de participación, avaliación e concesión dos XII Premios BIOGA, que teñen os seguintes obxectivos:

- Recoñecer o labor das empresas máis competitivas e innovadoras do sector das Ciencias da Vida en Galicia.
- Fomentar a transferencia de coñecemento e a valorización dos resultados de investigación xerados en Galicia.
- Promover o emprendemento e apoiar o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais de base biotecnolóxica.
- Dar visibilidade ao ecosistema biotecnolóxico galego a nivel autonómico, estatal e internacional.

Artigo 2. Ámbito sectorial

Para os efectos destas bases, enténdese por sector das Ciencias da Vida o conxunto de actividades de investigación, desenvolvemento, produción, comercialización e prestación de servizos baseadas na biotecnoloxía e nas ciencias da vida, en calquera dos seus ámbitos de aplicación e, en particular, nos subsectores estratéxicos definidos pola Estratexia da biotecnoloxía en Galicia 2026-2030:

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

- Agroalimentación e foodtech.
- Bioeconomía, medio ambiente, sustentabilidade e forestal.
- Recursos mariños e economía azul.
- Saúde e farma.

Inclúense tamén as actividades transversais de apoio ao sector, sempre que a súa actividade principal estea vinculada ás Ciencias da Vida.

Artigo 3. Modalidades

Establécense as seguintes modalidades, que acompañan unha iniciativa empresarial nas súas distintas etapas: da idea á empresa consolidada.

Se es…	Preséntate a…	Premio
Persoa investigadora ou emprendedora cunha idea ou proxecto aínda non constituído como empresa	Bioidea Empresarial	Servizos por valor de 3.000€ Bolsa IFFE Business School valorada en 3.000€
Empresa constituída o 01/01/2020 ou con posterioridade (menos de sete anos de actividade)	Bioempresa Xove	Servizos por valor de 3.000€ Bolsa IFFE Business School valorada en 3.000€
Empresa constituída antes do 01/01/2020 (sete anos ou máis de actividade)	Bioempresa Innovadora	Servizos por valor de 3.000€ Bolsa IFFE Business School valorada en 3.000€

A data de constitución que se terá en conta é a que figure na escritura de constitución da sociedade. Cada persoa, equipo ou entidade só poderá presentar unha candidatura e a unha única modalidade.

Artigo 4. Requisitos xerais de participación

Sen prexuízo dos requisitos específicos de cada modalidade (artigo 5), as candidaturas deberán cumprir os seguintes requisitos xerais:

- Desenvolver a súa actividade, ou proxectala, no ámbito das Ciencias da Vida definido no artigo 2.

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

- No caso de entidades con personalidade xurídica, ter o domicilio social ou un centro de traballo operativo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- No caso de empresas, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non estar incursa en procedemento concursal. Acreditarase mediante declaración responsable (Anexo II).
- Non ter resultado gañadora na mesma modalidade en edicións anteriores dos Premios BIOGA.
- Presentar a candidatura completa, no prazo e na forma establecidos nestas bases.

Non poderán participar as persoas que formen parte do xurado nin as entidades nas que estas exerzan funcións de dirección ou teñan participación significativa, nin o persoal de BIOGA.

Artigo 5. Descrición, requisitos e criterios de cada modalidade

5.1. Premio Bioidea Empresarial

Descrición

Este premio busca fomentar a transferencia de coñecemento e o emprendemento nas Ciencias da Vida mediante o recoñecemento de ideas ou proxectos empresariais non constituídos, xerados en universidades, centros de investigación, institutos de investigación sanitaria ou outros organismos de investigación galegos, ou impulsados por persoas emprendedoras, que se atopen en fases temperás de desenvolvemento.

Valoraranse especialmente os proxectos orientados á valorización de resultados de investigación, á validación da idea e aos primeiros pasos cara ao mercado.

Quen pode presentar candidatura

- Persoal investigador de universidades, centros de coñecemento ou organismos de investigación galegos.
- Persoas emprendedoras, individualmente ou en equipo, que impulsen unha idea empresarial vinculada ás Ciencias da Vida e teñan intención de desenvolvela en Galicia.

A idea non poderá estar constituída como sociedade mercantil na data de peche do prazo de presentación. A candidatura presentaraa unha persoa que actuará como representante do equipo promotor.

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

Contido da candidatura

- Identificación do proxecto e da persoa representante.
- Equipo promotor: composición, perfís e dedicación.
- Descrición do produto, proceso ou servizo e da súa base científico-técnica.
- Necesidade de mercado que resolve e segmento ao que se dirixe.
- Vantaxes competitivas, grao de innovación e situación da propiedade industrial e intelectual.
- Grao de madurez (estado de validación) e plan de desenvolvemento e acceso ao mercado.
- Información adicional que se considere relevante (opcional).

Criterios de valoración

#	Criterio	Puntuación máx.
1	Grao de innovación e solidez da base científico-técnica (produto, proceso ou servizo).	25
2	Necesidade de mercado identificada e proposta de valor.	20
3	Equipo promotor: capacidades, complementariedade e compromiso co proxecto.	15
4	Grao de madurez e plan de validación e de transferencia ao mercado.	15
5	Impacto potencial no sector e na sociedade.	15
6	Vantaxes competitivas e estratexia de protección do coñecemento.	10
	Total	**100 puntos**

5.2. Premio Bioempresa Xove

Descrición

Premio vinculado ao emprendemento, dirixido a empresas de recente creación do ámbito das Ciencias da Vida, con menos de sete anos de actividade, que aposten por produtos ou servizos innovadores e conten cun plan de negocio convincente. Preténdese premiar a motivación e a capacidade das persoas emprendedoras para acadar fitos relevantes nas primeiras etapas da empresa.

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

Quen pode presentar candidatura

- Empresas constituídas o 01/01/2020 ou con posterioridade.
- Cuxo plan de negocio estea relacionado coa biotecnoloxía ou as Ciencias da Vida.
- Con domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Contido da candidatura

- Identificación da entidade e data de constitución.
- Equipo promotor e directivo.
- Descrición dos produtos ou servizos desenvolvidos ou en desenvolvemento.
- Necesidade de mercado que cobre e segmento ao que se dirixe.
- Clientes obtidos desde a constitución (facturación e relevancia para o plan de negocio) ou outros fitos acadados: probas piloto, validacións técnicas ou regulatorias, acordos.
- Financiamento obtido: axudas públicas á I+D+i e financiamento privado (capital, préstamos participativos, etc.).
- Vantaxes competitivas e proposta de valor.
- Visión de futuro: estratexia de crecemento para os próximos tres anos.
- Información adicional que se considere relevante (opcional).

Criterios de valoración

#	Criterio	Puntuación máx.
1	Produtos e/ou servizos do plan de negocio: grao de innovación e base tecnolóxica.	20
2	Equipo promotor e directivo.	15
3	Necesidade de mercado cuberta pola empresa.	15
4	Fitos acadados desde a constitución.	15
5	Financiamento obtido: axudas públicas á I+D+i e financiamento privado.	15
6	Vantaxes competitivas.	10
7	Visión de futuro e estratexia de crecemento.	10
	Total	**100 puntos**

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

5.3. Premio Bioempresa Innovadora

Descrición

Premio dirixido a empresas con máis de sete anos de actividade que aposten pola xeración de valor no mercado a través dunha alta capacidade innovadora. Búscase premiar a capacidade de innovación para mellorar os produtos ou servizos ou a eficiencia dos procesos, así como a mellora da competitividade, o crecemento e o emprego logrados como resultado das innovacións desenvolvidas.

Quen pode presentar candidatura

- Empresas constituídas antes do 01/01/2020.
- Cuxa actividade produtiva ou comercial estea vinculada á biotecnoloxía ou ás Ciencias da Vida.
- Con domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Contido da candidatura

- Identificación da entidade.
- Actividade da empresa: sector, actividade principal e mercados aos que se dirixe.
- Datos económicos e de emprego dos exercicios 2021 a 2025: cifra de negocios, resultado antes de impostos, cadro de persoal total, emprego creado, persoal dedicado a I+D+i e número de países nos que opera.
- Esforzo en I+D+i: porcentaxe da cifra de negocios destinada a gasto interno en I+D+i e principais proxectos.
- Innovación: produtos, procesos ou servizos innovadores; dixitalización aplicada á cadea de valor; proxectos de hibridación con outros sectores.
- Vantaxes competitivas.
- Impacto no sector ou na sociedade e perspectivas de crecemento.
- Información adicional que se considere relevante (opcional).

Os datos económicos deberán corresponder ás contas anuais formuladas ou aprobadas. O xurado poderá solicitar documentación acreditativa.

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

Criterios de valoración

#	Criterio	Puntuación máx.
1	Grao de innovación en produtos, procesos ou servizos.	20
2	Esforzo en I+D+i: gasto interno en I+D+i sobre a cifra de negocios e persoal dedicado a I+D+i (%).	20
3	Crecemento da cifra de negocios no período 2021-2025 (%).	15
4	Creación de emprego no período 2021-2025 (%).	15
5	Vantaxes competitivas.	10
6	Dixitalización aplicada á cadea de valor e proxectos de hibridación sectorial.	10
7	Impacto e perspectivas de crecemento, incluída a internacionalización.	10
	Total	**100 puntos**

Artigo 6. Presentación de candidaturas

1. As candidaturas presentaranse exclusivamente a través do formulario en liña dispoñible en https://premios.bioga.org, seleccionando a modalidade á que se opta.
2. Xunto co formulario, achegarase:
    - A declaración responsable segundo o modelo do Anexo II, asinada pola persoa representante.
    - Opcional: un vídeo de presentación. O vídeo debe cumprir os seguintes requisitos:
        - Duración máxima: 60 segundos.
        - Durante o vídeo débese dar resposta ás seguintes cuestións:
            - Nome do proxecto ou empresa que se presenta ao premio.
            - Categoría á que se presenta
            - Traxectoria do proxecto ou empresa
            - Motivo polo cal debe ser galardoado.
3. As candidaturas poderán presentarse en galego, castelán ou inglés.
4. As persoas e entidades candidatas responden da veracidade da información achegada. A falsidade ou ocultación de datos relevantes dará lugar á exclusión da candidatura ou, se é o caso, á retirada do premio.

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

5. Se a candidatura estivese incompleta ou presentase erros emendables, a organización requirirá a súa corrección no prazo de 5 días hábiles desde a data de notificación. De non emendarse, a candidatura quedará excluída.
6. Se a organización detecta que unha candidatura non cumpre os requisitos da modalidade elixida pero si os doutra, poderá propoñer a súa reasignación, que requirirá a conformidade da persoa ou entidade candidata.
7. O xurado poderá solicitar información complementaria ou unha breve entrevista ou presentación ás candidaturas finalistas.

Artigo 7. Prazos e calendario

O prazo de presentación de candidaturas abrirase en outubro de 2026 e pecharase o 12 de novembro de 2026. Non se admitirán candidaturas presentadas fóra de prazo.

O calendario previsto é o seguinte:

Fase	Data
Publicación da convocatoria e apertura do prazo	Outubro de 2026
Peche do prazo de presentación	12 de novembro de 2026
Avaliación do xurado e selección de finalistas	Novembro de 2026
Comunicación e publicación das candidaturas finalistas	Decembro de 2026
Acto de entrega dos premios	A data e o lugar anunciaranse proximamente

BIOGA poderá ampliar o prazo de presentación ou modificar o calendario por causas xustificadas, dándolle a mesma publicidade que a esta convocatoria.

Artigo 8. Xurado

1. A avaliación das candidaturas corresponderá a un xurado designado por BIOGA, integrado por persoas de recoñecido prestixio do ámbito empresarial, científico e institucional das Ciencias da Vida:
    - Membros da Xunta Directiva de BIOGA.
    - Representantes da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

- Representantes das universidades galegas.
- Representantes das fundacións biomédicas ou dos institutos de investigación sanitaria de Galicia.
- Representantes das entidades gañadoras da edición anterior.
- Persoas expertas do sector biotecnolóxico.

2. Exercerá a presidencia do xurado a persoa que ostente a presidencia de BIOGA ou persoa en quen delegue. Actuará como secretaría, con voz pero sen voto, unha persoa do equipo técnico de BIOGA.
3. Unha vez coñecidas as candidaturas, cada membro do xurado asinará unha declaración de ausencia de conflito de intereses. Se existise conflito con algunha candidatura (vinculación profesional, accionarial, familiar ou de colaboración directa), a persoa afectada absterase de avaliar e votar na modalidade correspondente.
4. As deliberacións, os documentos de traballo e as puntuacións do xurado son confidenciais.
5. BIOGA poderá designar persoas substitutas en caso de ausencia ou abstención dalgún membro.

Artigo 9. Procedemento de avaliación e fallo

A avaliación desenvolverase en tres fases:

1. Admisión. A organización comprobará o cumprimento dos requisitos formais e de elixibilidade e requirirá, se é o caso, a emenda de defectos.
2. Avaliación e selección de finalistas. Os membros do xurado puntuarán individualmente cada candidatura admitida segundo os criterios do artigo 5 (máximo 100 puntos). A partir da puntuación media seleccionaranse ata tres candidaturas finalistas por modalidade.
3. Deliberación e fallo. O xurado reunirase para deliberar sobre as candidaturas finalistas e elixirá unha candidatura gañadora por modalidade por maioría simple. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidencia.

O xurado poderá declarar deserta calquera das modalidades se considera que ningunha candidatura reúne méritos suficientes ou se ningunha alcanza unha puntuación mínima de 50 puntos.

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

O fallo do xurado será inapelable. O xurado queda facultado, xunto coa dirección de BIOGA, para resolver as dúbidas de interpretación destas bases e calquera cuestión non prevista nelas.

Artigo 10. Premios

As candidaturas gañadoras de cada modalidade recibirán:

- Un galardón acreditativo dos XII Premios BIOGA.
- Recoñecemento público no acto de entrega e difusión en medios de comunicación e redes sociais de BIOGA e das entidades colaboradoras.
- Espazo de visibilidade na web de BIOGA ata a celebración da seguinte edición e difusión no seu boletín informativo.
- Dereito a utilizar o selo «Gañadora XII Premios BIOGA» na súa comunicación corporativa.

Ademais, cada modalidade ten a seguinte dotación:

Modalidade	Dotación
Bioidea Empresarial	Servizos por valor de 3.000 € Bolsa valorada en 3.000 € para cursar o Máster en Gestión de Empresas Biotecnológicas (MBIO) ou outro programa de IFFE Business School, destinada a unha persoa do equipo promotor.
Bioempresa Xove	Servizos por valor de 3.000 € Bolsa valorada en 3.000 € para cursar o Máster en Gestión de Empresas Biotecnológicas (MBIO) ou outro programa de IFFE Business School.
Bioempresa Innovadora	Servizos por valor de 3.000 € Bolsa valorada en 3.000 € para cursar o Máster en Gestión de Empresas Biotecnológicas (MBIO) ou outro programa de IFFE Business School.

As bolsas son persoais e intransferibles e asignaranse á persoa designada pola entidade gañadora, que deberá cumprir os requisitos de acceso ao programa. As bolsas deberán facerse efectivas na edición 2027/2028 do Máster en Gestión de Empresas Biotecnológicas (MBIO) ou doutro programa de IFFE Business School. En caso de non facelo, entenderase que a entidade gañadora renuncia á bolsa concedida.

Os premios non poderán substituírse polo seu importe en metálico. A tributación que, se é o caso, corresponda aos premios rexerase pola normativa fiscal vixente.

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

Artigo 11. Acto de entrega

Os premios entregaranse nun acto público do sector das Ciencias da Vida de Galicia, na data e no lugar que BIOGA comunicará con antelación suficiente ás candidaturas finalistas e publicará na web dos premios.

As candidaturas gañadoras daranse a coñecer no propio acto. As candidaturas finalistas comprométense a asistir ao acto a través dunha persoa representante. A inasistencia inxustificada poderá supoñer a perda do premio.

En caso de renuncia dunha candidatura gañadora, o premio poderá outorgarse á seguinte candidatura finalista con maior puntuación na mesma modalidade.

Artigo 12. Obrigas das candidaturas premiadas

- Participar nas accións de comunicación e difusión vinculadas aos premios.
- Facer constar a condición de gañadora dos XII Premios BIOGA, coa denominación correcta, cando a utilicen na súa comunicación.
- Colaborar, se BIOGA o solicita, en actividades de divulgación do ecosistema (xornadas, testemuños, xurado da seguinte edición).

Artigo 13. Confidencialidade e propiedade intelectual

BIOGA e os membros do xurado tratarán con carácter confidencial a información achegada nas candidaturas e utilizarana exclusivamente para a avaliación dos premios. Só se farán públicos o nome das candidaturas finalistas e gañadoras e unha breve descrición do proxecto ou entidade, previamente validada por estas.

A presentación dunha candidatura non supón a cesión de ningún dereito de propiedade intelectual ou industrial sobre os proxectos, que seguirán pertencendo ás persoas ou entidades titulares. As persoas candidatas garanten que son titulares ou contan coa autorización necesaria sobre os contidos presentados.

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

Artigo 14. Dereitos de imaxe e difusión

As candidaturas finalistas e gañadoras autorizan a BIOGA e a GAIN, con carácter gratuíto, a difundir o seu nome, a súa marca e logotipo e a imaxe e voz das persoas representantes captadas no acto de entrega e nas accións de comunicación dos premios, con fins exclusivamente informativos e promocionais da convocatoria e do sector, en calquera medio e sen límite temporal nin territorial, no marco da normativa vixente. Esta autorización formalizarase con carácter previo á entrega dos premios.

Artigo 15. Protección de datos persoais

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPD), e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase do seguinte:

Información básica	Detalle
Responsable	Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia (BIOGA), CIF G70259312, Rúa de Murcia 3, 15707 Santiago de Compostela. Contacto: info@bioga.org.
Finalidade	Xestionar a participación nos XII Premios BIOGA, a avaliación das candidaturas, a entrega dos premios e a súa difusión.
Lexitimación	Execución da relación derivada da participación na convocatoria (art. 6.1.b RXPD) e, para o uso da imaxe, o consentimento das persoas interesadas (art. 6.1.a RXPD).
Destinatarios	Membros do xurado, GAIN e outras entidades colaboradoras.
Conservación	Durante o tempo necesario para a xestión dos premios e, posteriormente, durante os prazos legais aplicables.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade, e retirada do consentimento, mediante escrito ao enderezo ou correo electrónico do responsable. Pode presentarse reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

Artigo 16. Aceptación, modificación e cancelación

A presentación dunha candidatura supón a aceptación íntegra destas bases e do fallo do xurado.

BIOGA resérvase o dereito de introducir aclaracións ou modificacións non substanciais nestas bases por causas xustificadas, que se publicarán coa mesma difusión que a convocatoria. Así mesmo, poderá suspender ou cancelar total ou parcialmente a convocatoria por causas alleas á súa vontade, sen que iso xere responsabilidade ningunha para a entidade.

Artigo 17. Lexislación aplicable e consultas

Estas bases réxense pola lexislación española. Para calquera controversia derivada da súa interpretación ou aplicación, as partes sométense aos xulgados e tribunais de Santiago de Compostela.

As consultas sobre a convocatoria poden dirixirse a gestion@bioga.org.

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

Anexo I. Táboa resumo das modalidades

Modalidade	Quen pode participar	Que se valora	Premio
Bioidea Empresarial	Ideas ou proxectos non constituídos como empresa; persoal investigador e persoas emprendedoras	Innovación, mercado, equipo, madurez, vantaxes competitivas	Servizos valorados en 3.000€ Bolsa IFFE valorada en 3.000€
Bioempresa Xove	Empresas constituídas o 01/01/2020 ou con posterioridade, con domicilio en Galicia	Produto, equipo, mercado, clientes, financiamento, visión de futuro	Servizos valorados en 3.000€ Bolsa IFFE valorada en 3.000€
Bioempresa Innovadora	Empresas constituídas antes do 01/01/2020, con domicilio en Galicia	Innovación, I+D+i, crecemento, emprego, dixitalización	Servizos valorados en 3.000€ Bolsa IFFE valorada en 3.000€

BIOGA
C/Murcia nº 3 Santiago de Compostela
15707 (A Coruña)
Tlfno: 881 09 12 43
Mail: info@bioga.org

Anexo II. Modelo de declaración responsable

D./D.ª _____, con DNI _____, en nome propio / en representación de _____ (NIF _____), en relación coa candidatura presentada á modalidade _____ dos XII Premios BIOGA,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que cumpre os requisitos xerais e específicos establecidos nas bases para a modalidade á que se presenta.

Que a información achegada na candidatura é veraz e pode acreditarse documentalmente se así se lle require.

Que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non está incursa en procedemento concursal (non aplicable á modalidade Bioidea Empresarial).

Que é titular ou conta coa autorización necesaria sobre os contidos presentados.

Que coñece e acepta integramente as bases da convocatoria.

En _____, a ____ de _____ de 2026.

Sinatura: